

CLASIFICACIÓN DAS VOCES MASCULINAS E FEMININAS



PASO 1: Escoitamos audio para identificar se é home ou muller.

PASO 2 : Expoñemos oralmente as respostas .

PASO 3: Visualizamos os vídeos e tratamos de indicar o tipo de voz que lle corresponde. Ten a man o esquema que escribiches o último día de clase sobre a clasificación e os tipos de voz.

Podedes coller so un fragmento da audición. Comentade as respostas que tedes en cada vídeo e ...

PASO 4 : Comprobo o SOLUCIONARIO. Lede en alto cada resposta.

VÍDEO 1

VÍDEO 2

VÍDEO 3

VÍDEO 4

VÍDEO 5

VÍDEO 6

VÍDEO 7

VÍDEO 8

RESPOSTAS

VÍDEO 1: Aria de " A frauta Máxica "ópera de Mozart. É unha dos fragmentos de ópera máis coñecidos non so pola súa expresividade dramática senón tamén pola súa dificultade técnica. Esta partitura contén algunha das notas máis agudas para soprano. Esta cantante chamada Diana Damrau ten un rexistro , polo tanto, de SOPRANO.

VÍDEO 2: Canción napolitana tradicional " O sole mio" interpretada polos tres tenores Luciano Pavarotti , Plácido Domingo e José Carreras. Nos anos 90 foron os tenores máis recoñecidos a nivel mundial.

VÍDEO 3: Freddy Mercury co grupo Queen " Friends will be Friends". Este cantante tan coñecido dos anos 7,0 foi un referente para toda a música pop de distintas épocas. O seu rexistro de tenor versátil lle permitía adaptarse a distintos estilos de música : pop, rock, rap, ópera...

VÍDEO 4: Cecilia Bartoli é unha mezzosoprano italiana que está especializada en música barroca e clásica. Nesta audición interpreta un fragmento que pertence á ópera da " Cincinta" do compositor Rossini.

VÍDEO 5: Carlos Álvarez é un cantante español de rexistro barítono moi recoñecido no mundo da música clásica. Neste caso interpreta unha canción de Raphael.

VÍDEO 6: Esta voz tan peculiar pertence ao cantante francés Philippe Jaroussky. Ten un rexistro de contratenor. Isto quere dicir que o cantante falsea a súa voz, facendo vibrar na emisión da súa voz a cabez e o peito. O resultado é un rexistro agudo con timbre femenino.

VÍDEO 7: Este fragmento pertence ao Requiem de Mozart, unha música relixiosa interpretada por un rexistro de baixo. O seu intérprete é Walter Berry.

VÍDEO 8: Nina Simone foi unha cantante de jazz americana con rexistro de contralto. Aparte de cantar, Nina tiña unha gran facilidade para a improvisación, e era pianista e compositora das súas propias cancións como é o caso desta " Love me or leave me"

SEGUNDA PARTE

Afianza os teus coñecementos facendo a nivel clase este xogo de tarxetas reversibles virtual.

[Tarxetas clasificación tipos de voces](#)

[Se sobra tempo ...](#), copia este esquema

[Exercicios interactivos sobre a voz: tipos e agrupacións](#)

[Repasa xogando ao aforcado](#)